

Marilar Aleixandre:
médranos o patrimonio

Anxo Tarrío Varela

Novo libro de relatos, *Lobos nas illas* (Ed. Xerais), da autoría de Marilar Aleixandre, profesora de didáctica das Ciencias na Universidade de Santiago de Compostela, unha madrileña que asentou en Galicia dende o ano 1973 e se fixo nosa.

De Marilar Aleixandre coñecía eu algunhas incursións na literatura infantil, eido no que se move con intelixencia e seguridade, segundo fontes ben informadas. Tamén lle lera unha novela bastante pouco afortunada, segundo o meu cativo entender. Pero agora xorde este libro de relatos, que recoñezo por telo lido nunha primeira versión mecanografada presentada o ano pasado ao Premio Álvaro Cunqueiro de Mondoñedo, do que eu mesmo fun membro do xurado. Naquela ocasión non gañou Marilar Aleixandre o gorentado premio pero puido telo gañado doadamente, pois quedara de finalista a par do libro que finalmente saíu afortunado, *Os moradores da nada* (Ed. Galaxia), un gran texto de Xavier Lama.

Nótase que Marilar Aleixandre retocou *Lobos nas illas*, mellorouno nalgunhas cousas e meteulle un respunte ganduxado que o favorece en moitos aspectos, pois lle dá certa unidade ao conxunto, pero que tamén lle deixa algúns flocos soltos aos que se lle podería meter a tesoiras sen que por iso perdese nada este interesante e engaiolador libro de contos narrados dende voces desinhibidas, case todas femininas, frescas e dinámicas, cultas, as máis delas, pero sen pedantería; voces que semellan falarnos da medida en que Marilar Aleixandre ve a vida, a vida toda, dende unha continuada literaturización, cunha mirada que nunca é plana, automatizada nin aséptica, senón chea de epifanías, de virtudes descubridoras de significados agochados na realidade, de proxeccións cara a instancias míticas, de fenómenos que na súa cotidianidade os máis de nós non sabemos adiviñar pero que si o fan algunhas, poucas, persoas privilexiadas, que se chaman artistas, e que saben ver doutro xeito a pouco que deixen a súa imaxinación sobrevoando por riba diso que para os máis é unha realidade anodina e baleira de posibilidades poéticas e narrativas.

Neste libro de Marilar Aleixandre, a realidade case nunca ten nada de excepcional, polo contrario fáisenos familiar e recoñecíbel, e non lle preocupa por demais á autora forzala para a axustar a moldes de verosimilitude ou de esixencias poéticas convencionais con que sorprender o lector. Os seus

personaxes circulan por unha realidade que tan só eles mesmos transubstancian en materia mítica, xa sexa porque son guiados pola visión da autora, xa porque eles mesmos, pola súa propia biografía e formación, ou porque viven culturalmente inmersos nos mitos da modernidade, están disposto decote a desvelar prodixios alí onde as apariencias non semellan agochar, e de feito non agochan, máis misterios nin enigmas cós que lle prestan os ollos que as miran.

Con estes ingredientes, Marilar Aleixandre lévanos a escenarios variados para poñer en marcha a súa imaxinación, ou a imaxinacións dos seus personaxes, os seus recordos ou os recordos das súas criaturas, e en conxunto penetra magnificamente no mundo da realidade sensíbel e sensual, e tamén no mundo dos soños, e non necesita botar man da fantasía máis ca en doses ben administradas que en ningún momento pretenden minorizar o lector, senón facelo cómplice de situacións que ben puido ter vivido el mesmo. En fin, un libro deses ao que un pode volver sempre, na seguridade de que vai gozar dunha escritura intelixente e sutil, sen estridencias, cunha lingua rica e moi coidada que, sen embargo, non se fai protagonista de xeito que afogue coa súa presenza a dimensión literaria. Un libro, pois, co que Marilar Aleixandre, cando menos para min, ingresa de pleno dereito no eido do que podemos chamar, sen rubor, alta literatura.

O Correo Galego, 1996